

CONCELLO
DE VIGO



#DANZA



#TEATRO

#MAXIA

#CIRCO

#HUMOR



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

Tipo de espectáculo



Maxia



Teatro



Teatro de rúa



Circo



Monólogos



Danza



Monicreques



Clown



Teatro / Humor e música

Idiomas



castelán



galego

Idade



Público adulto



Idade recomendada



Auditorio Municipal do Concello de Vigo

Praza do Rei 1. Vigo

OUTUBRO

Venres 6

20:00 h.

SOBE AOS TEUS SOÑOS -ROCK IN THE AIR

Pablo Méndez Performances



Espectáculos de rúa

Percorrido:

Rúa do Príncipe, dende o Marco ata a Porta do Sol

Elenco artístico: Pablo Méndez, Anahí Domínguez, Carolin Ramil, Yaiza Iglesias, Estefanía Gomez, Raquel Davila, Ainoa Gándara, Inés Astor, Sara Beceiro, Yago Sanmartín, Iván Couso, Isaac de Becerra, Alba Quiroga

É un espectáculo vangardista que combina a destreza acrobática co impacto e magnitude do títere xigante.

"Sobe aos teus soños" é unha viaxe que explora o poder da imaxinación, a perseveranza e a superación persoal. Esta obra de rúa lembra que ás veces debemos elevarnos por enriba das nosas limitacións para alcanzar os nosos obxectivos máis audaces.



Todos os
públicos

45

minutos

**PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE**

OUTUBRO

Sábado 7

20:00 h.

PSYCHODELIA

Troula



Espectáculos de rúa

Percorrido:

Rúa do Príncipe, dende o Marco ata a Porta do Sol

A festa chega á rúa!, ao ritmo da música "psicodélica", as diferentes personaxes invitarán a todos a participar da troula. Alegría e diversión nun pasarrúas cheo de cor.

Todos os
públicos

60

minutos

**PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE**



OUTUBRO

Venres 13

20:00 h.

ISOLADA

Natalia Outeiro “Pajarito”



Clown

Unha creación de Natalia Outeiro Pajarito

Visión externa: Alfonso Medina, Arturo Cobas

Escenografía: Carlos Alonso, Alfonso Medina

Vestuario: Carlos Alonso

Fotografía: Semieira

Isolada é a chegada dunha pallasa a unha illa onde naufragar é sobrevivir, e o fracaso unha forma de existir. Unha historia contada a traves de ela, do seu xeito de ver o mundo, dende a verdade do xogo, dende a pureza do ser. Todo cambia a cada instante porque con todo se pode xogar no presente.

Unha aventura chea de ilusión, xogo, imaxes; onde se fala da ensoñación, soidade e locura. Unha illa onde a risa e a poesía son o fio entrelazador de historias, e onde se volta a esencia do clown.



público adulto



minutos



OUTUBRO

Sábado 14

20:00 h.

FALEMOS COMO GALEGAS

Migallas Teatro



Humor, sketches e cancións cómicas



galego



público adulto



minutos



Autoría: María Campos e Carlos Yus

Dirección: María Campos e Carlos Yus

Deseño de son:

Música e cancións orixinais de Carlos Yus

Deseño de iluminación: Tegüi

Vestuario: María Campos

Escenografía: Migallas

Intérpretes: María Campos e Carlos Yus

Fotografías e vídeos: Sr. Sagüillo

Por que a situación da lingua galega é a que é? Cales son os falsos tópicos máis comúns sobre ela? Que son a “diglosite” e a “castrapite”? De onde veñen os prexuízos sobre a lingua? A quen afectan? Teñen cura? Que remedios hai para tratalos? Cal é o futuro do galego?

“Falemos como galegas” é un espectáculo humorístico interactivo onde se abordan estas e outras moitas cuestións relativas á lingua galega a través de sketches e cancións cómicas de autor.

María Campos e Carlos Yus danlle vida a un feixe de personaxes entre os que se atopa a popular Sra. de Palmírez, coñecida polas súas intervencións no programa Luar da TVG e toda unha icona do “castrapismo”.

As cancións, alén de cuestións sociolingüísticas, tratan temas como a defensa da cultura propia e do patrimonio natural, a influencia dos medios de comunicación, a publicidade, a moda, o clasismo etc. Cada función de “Falemos como galegas” é unha invitación amena e divertida a reflexionar sobre a historia, a actualidade e o futuro da lingua galega, co obxectivo de fomentar o seu uso normalizado entre as galegas e galegos de todas as idades.

OUTUBRO

Domingo 15

18:00 h.

LA LÁMPARA MARAVILLOSA

Festuc Teatre



Teatro e monicreques

Intérpretes: Ingrid Teixidó e Pere Pàmpols

Luz e son: Jordi Torras

Espacio escénico e títeres: Joan Pena e Elisabet Pané. Escena Plancton

Música: Frank Moreno

Tema "Por si no sale más el sol": Joan Dausà / Begonya Ferrer – Letra

Deseño e produción técnica: Marc Espinosa – Show Disseny

Efectos: Albert Carrera – NouLed / Txema Muñoz

Deseño e vestuario: Olga Cuito

Arranxos: Goretti Herrero

Fotografía: Xavi Rué

Produción gráfica: Jordi Huete - Marrameus DG

Vídeo e tráiler: Arián Botey - Videostudi

Campaña de comunicación: Lorena Metaute e Mónica Mombiela

Mirada con perspectiva de xénero: Alba Teixidó

Produción executiva: Elisabet Satorra - Festuc Teatre SL

Texto: Ingrid Teixidó

Dirección: Pere Pàmpols



castelán



anos



minutos



Algunha vez soñaches atopar unha lámpara maravillosa cun xenio dentro capaz de conceder tres desexos? A nosa historia trata dunha nena chamada Nur e sobre a vontade por cumprir o seu único desexo: que a súa nai se cure da enfermidade que sofre. Un desexo que non se pode cumprir, xa que o xenio só pode conceder desexos para a persoa que atopa a lámpada. Alfombras voadoras, carreiras no medio do deserto, durmir nun oasis baixo as estrelas ou ao acubillo dunha jaima... Un conxunto de aventuras dignas das mil e unha noites. Festuc Teatre presenta un espectáculo que nos fala dos desexos, da aceptación e do amor, capaz de exceder as dificultades que nos presenta a vida.

OUTUBRO

Venres 20

20:00 h.

A QUE VOY YO Y LO ENCUENTRO

**Territorio Violeta
e Producciones Circulares**



Comedia con música en directo

Dirección e dramaturxia: Ana Graciani.

Axudante dirección: Ester Graciani

Producción executiva: Sílvia Pereira

Reparto: Rosa Merás e Marta Bódalo

Música: Juan Miguel Valero

Voz: Ester Fernández

Voz en off Albita: Sara Pinna

Escenografía, atrezzo e vestuario:

Eeleni Chaidemenaki.

Axudante de escenografía e vestuario: Gustavo Solís

Diseño iluminación: Daniel Navarro

Espazo sonoro: Ester Fernández

Asesoría en movemento: Andrés Acevedo

Produción: Ana Graciani, Territoio Violeta e
Producciones Circulares

Varias pezas curtas, salpicadas doutras máis breves, algunhas minúsculas, e evocadoras cancións, que parece que nos traen e nos levan, pero que en realidade pérdenos, nesta obra para dúas actrices e dous músicos. Amparo foi a



castelán



público adulto



minutos



coidadora de Ángela, unha anciá que está agora nunha residencia. Alba, que chegou hai un par de días á cidade, non foi a visitar á súa nai, coa que leva anos sen farse. Alba veu á casa de Ángela a recoller as últimas cousas, xa que o piso está á venda. Amparo está alí para revisar os discos, porque quere gravar unha lista de cancións. Di a doutora que isto poderá axudar a Ángela a manter viva a súa memoria. A música gárdase nun caixón do cerebro, separado do resto dos recordos, e ao abrillo, a súa luz pode alumar outros recordos agora en sombra. Pode unha playlist de cancións sandar unha relación entre nai e filla? Quen non ten unha playlist da historia da súa vida?

OUTUBRO

Sábado 21

20:00 h.

FRÍO

A Feroz



Teatro de máscaras
con música en directo

Elenco: Inés Salvado Gontad, Lolo Castro, Gustavo Freire, Bea Romero, Sergio Piñeiro

Música en escena: Guillermo Alzugaray

Idea, dramaturxia, deseño e dirección:

Lorena Conde

Composición musical e espazo sonoro:

Guillermo Alzugaray

Espazo escénico: A Feroz e Roberto Rama

Vestiario: A Feroz

Máscaras: A Maranha

Iluminación e son: Raúl Giraldo

Fotografía: Alberto Suárez

Producción: A Feroz

Distribución: Amarelo

Quen sabe exactamente que vai facer cada día durante o resto da súa vida non abeira grandes temores nin demasiadas ilusións.

Akaki podería xurar que o seu porvir está escrito en liñas rectas con tinta esluída, el deixase ir nos riscos seguros e firmes da súa rutina que o protexe dos grandes males e das alegrías inesperadas.



público adulto



minutos



Pero a súa existencia metódica, ordenada e frugal vese alterada cando o seu abrigo, de tan gastado, xa non o pode protexer do frío. Nace aí unha necesidade inevitable en forma de abrigo novo. Traballará máis aló do esgotamento para conseguir a ansiada fin. Será capaz de logralo? Conseguirá librarse do cruel frío de San Petersburgo?

OUTUBRO
Domingo 22

Tres funcións ás **12:00, 16:00 e 18:00 h.**
Aforo súper reducido

¡OH UH AH EI! TIERRA, AIRE, FUEGO, AGUA!

L'auténtica



Instalación inmersiva sensorial

Idea orixinal: Verónica Pallini

Creación audiovisual: Jordi Teixidó

Música: Santi Vilanova

Voces: Biel i Miranda Teixid

“¡OH, UH, AH, EI! TIERRA, AIRE, FUEGO, AGUA”
é unha viaxe lúdica polos elementos da natureza da man de dous curiosos personaxes que exploran, fan preguntas, sorpréndense e mesmo nos convidan a un final de discoteca cheo de música e luces onde poder bailar. A pantalla no medio do espazo escénico crea unha experiencia fascinante onde o público se move libremente polo espazo xerando así, por unha banda, o poder contemplar e interactuar co son e a palabra e, por outra, crear un universo cheo de sombras que chaman ao movemento. Por onde voan as bolboretas? Onde se plantan as flores? Como fai o son da choiva?” Vén mergullarte nesta MARABILLOSA VIAXE.



1~5

anos

40

minutos

5€

**(Todas as persoas, incluídos os menores
independentemente da idade, pagarán entrada)**

OUTUBRO

Venres 27

20:00 h.

A RIR A VIGO



Monólogos

Presenta: Jazmín Abuín

Monólogos: Agustín Jiménez, Álex Salaberri, Bianca Kóvacs

Neste espectáculo pasarán polo escenario cómicos e cómicas, de "aquí" e de "alí". Cómicos e cómicas galegos, pero tamén andaluces, madrileños ou romaneses. Cómicos consagrados de toda a vida, cunha longa, coñecida e sólida traxectoria, pero tamén outros que están a empezar a despuntar no mundo da comedia e son o futuro da mesma. Homes, mulleres, algúns máis maiores, outros máis novos, cada un coa súa visión do mundo única e particular, pero cunha misión en común: facer rir. E, entre risa e risa, mostrar un espello de diversidade, como o da sociedade na que queremos vivir, porque, se de algo estamos todos convencidos e convencidas é de que, "entre broma e broma, a verdade asoma.

JAZMÍN ABUÍN

Actriz, monolguista, cantante e xornalista viguesa cunha longa traxectoria, tanto en teatro musical e de texto, como en televisión, en series como Acacias 38, Amar es para siempre, La que se avecina, Serramoura ou a recente serie de Netflix Machos alfa. Tamén traballou en cinema (Ola de crímenes, La casa de tiza ou a curtametraxe Cordelias, de Gracia Querejeta). Actualmente é unha das cómicas de "El club de la comedia en Madrid".



AGUSTÍN JIMÉNEZ

Un dos cómicos máis relevantes e irreverentes do panorama nacional. Participou en numerosos programas e series de televisión, como Gym Tony (Cuatro), Lleno, por favor (Antena 3), Mis adorables vecinos (Antena 3), Siete vidas (Telecinco) ou El Chiringuito de Pepe (Telecinco) entre moitas outras. Ademais, ten unha extensa carreira en cinema e teatro.

ÁLEX SALABERRI

Álex Salaberri é médico, mesmo estudou para selo, pero tamén é cómico, bo, e tamén pinta e canta, bastante mal, por certo. As súas actuacións son representacións a corazón aberto, cargadas de risas e divertidas ideas. Unha sesión de risoterapia para alcanzar a sanación a golpe de gargallada. Residente nalgúns dos principais teatros e salas de comedia de España, Alex





mostrarache o camiño para rirte das pequenas miserias humanas e, ao mesmo tempo, descubrirás unhas cantas razóns para seguir crendo nun futuro mellor.

BIANCA KOVACS

Bianca Kovacs ten unha notable carreira como actriz e comediante. Participou en Y se si?, un programa de José Mota presentado por Santiago Segura, ten dous especiais de comedia en Phi Beta Lambda e un no programa Stand-Up 3000 de Comedy Central, en Movistar Plus+. Tamén participou no programa Roast Battle, da mesma cadea. Presentou durante dúas temporadas Las noches del Club de la Comedia en Madrid e Barcelona. Actualmente está de xira por toda España co seu monólogo Una rumana muy legal e participa no espectáculo La noche de la risa en el teatro Capitol de Gran Vía, en Madrid.



público adulto



minutos



OUTUBRO

Sábado 28

20:00 h.

A RIR A VIGO



Monólogos

Presenta: Arantxa Treus

Monólogos: Agustín Jiménez, Maru Candel, David Navarro



ARANTXA TREUS

Esta polifacética artista viguesa comparte escenario tódolos meses cos mellores monologistas do país no seu espectáculo Los monólogos de la Treus. Traballou en series de televisión como Gondar, Serramoura ou Fariña. O seu monólogo Sexo débil, o carallo recibiu o premio do FETEGA 2022 ao mellor monólogo cómico. Actualmente está de xira Revolta, o seu novo espectáculo teatral, unha viaxe pola evolución do ser humano desde unha mirada crítica e humorística contada por mulleres e é unha das cómicas de "El club de la comedia".



AGUSTÍN JIMÉNEZ

Un dos cómicos máis relevantes e irreverentes do panorama nacional. Participou en numerosos programas e series de televisión, como Gym Tony (Cuatro), Llenu, por favor (Antena 3), Mis adorables vecinos (Antena 3), Siete vidas (Telecinco) ou El Chiringuito de Pepe (Telecinco) entre moitas outras. Ademais, ten unha extensa carreira en cinema e teatro.

MARU CANDEL

Maru Candel é unha actriz cómica e cantante sevillana criada no corazón de Triana. Comezou a súa carreira no ano 2005 percorrendo o país cos seus espectáculos de Stand Up Comedy. Desde os seus inicios soubo mesturar a comedia coa música nos seus monólogos: “S.O.S”, “Divagando”, “Mujer dejada”, “Todo pasa por algo amor”, “Mandarinas, amor en gajos” e “La antigua y la moderna”. Participa en Comedy Central e en “Las noches del club de la comedia”.

DAVID NAVARRO

Cómico de Jaén, nacido en 1976, que tras licenciarse en Dereito, deixou o seu posto de funcionario para lanzarse á comedia. Actualmente é cómico principal no Club de la Comedia,



colaborador do programa “A vivir que son dos días” da Cadena SER (presentado por Javier Del Pino) e é o quentador do programa “Ilustres Ignorantes” de Movistar+. Tras máis de 20 monólogos emitidos en Paramount Comedy e de representar as súas obras por todo o país, actualmente dirixe e protagoniza “Comecocos, ovis e David Bowie”, unha comedia de ciencia ficción baseada nos anos 80.



público adulto



minutos



OUTUBRO

Domingo 29

18:00 h.

VOA, VOA!

Talía Teatro



Teatro

Elenco: Toño Casais e María Ordóñez

Escenografía e iluminación: Dani Trillo

Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro

Música: Manu Abraldes

Autoría e dirección: Artur Trillo

Voa, voa! é un espectáculo dirixido especialmente ao público infantil pero para gozar en familia, para divulgar e relebrar a arte de xogar coas palabras. Todas as tardes despois de merendar Xoana baixa xogar ao parque. Alí coincide con Anxo, un neno introvertido que prefire estar na casa vendo a tele. Pouco a pouco vai entrando nos xogos que lle propón Xoana, todos aqueles xogos que lle ensinou a súa avoa.

Unha montaxe na que se propón recuperar ditos, retrousos, xogos de man, ...toda unha relación de ditos populares centrados nestas pequenas rimas que perduraron xeración tras xeración e que se foron transmitindo de xeito oral. Un espectáculo para incentivar o xogo pero, sobre todo, para incentivar ás familias (nais, pais e especialmente



galego



anos



minutos



ás avoas e avós) a indagar na súa memoria para recuperar e transmitir os seus xogos da infancia e o vocabulario que se empregaba.

NOVEMBRO

Venres 3

20:00 h.

SIN OJANA

Chicharrón Circo Flamenco



Circo, flamenco e teatro

Idea orixinal e interpretación:

Germán J. López Galván

Dirección e dramaturxia:

Pepa Gil

Música orixinal:

Raúl Cantizano

Escenografía:

Germán López, Trebarte, Juan Manuel Sánchez, Pepeciclo, Javier Dastis

Vestuario e decoración:

Engatosarte Vestuario Teatral

Coreografía e voz:

Alicia Acuña

Documentación:

Javier Blancart

Fotografía e audiovisual:

MacShalbert Productions, Rafael Burgos

Deseño iluminación:

Juan Manuel Sánchez

Coprodución:

Festival Circada

Chicharrón, último enlace dunha dinastía flamenca, trae o carromato onde garda a peña flamenca familiar, na que fusionará os ritmos e compases do flamenco cos malabares. Sen Ojana significa sen mentiras, sen hipocrísías. Chicharrón, na súa itinerancia, leva consigo un cante á liberdade, unha homenaxe ao flamenco, á muller e aos devires da vida. Unha mestizaxe de artes que, entre o humor e o drama, nos atrapará para colocar uns lunares ás nosas vidas.



castelán



público adulto



minutos



NOVEMBRO

Domingo 5

Tres funcións ás **12:00, 16:00 e 18:00 h.**
Aforo súper reducido

COLIÑO

A Xanela do Maxín



Espectáculo para primeira infancia,
musical e monicreques

Autoría: Xosé Brejio "Topo Vidal"

Dirección: Celtia Figueiras e Xosé Brejio

Composición orixinal: Lois Prado

Asesoría musical: Paulo Lameiro

Deseño de iluminación: Octavio Más

Vestuario: Celtia Figueiras

Escenografía: Daniel Rodríguez, Julia Abal

e A Xanela do Maxín

Intérpretes: Celtia Figueiras, Xosé Brejio "Topo Vidal", Lois Prado, Julia Abal

Unha obra musical e sensorial dirixida á primeira infancia, pensada por e para familias.

COLIÑO é o lugar natural a onde imos dende que nacemos e que buscamos cando necesitamos seguridade, defensa, protección, consolo, ánimo, calor e quentura.

O primeiro COLIÑO é o da nai. Un colo cheo de vida, de latexo, de quentura...cargado de seguridade e amor.

COLIÑO está concibido dende o apego, as emocións e o vínculo afectivo entre os bebés e a súa contorna.



(Todas as persoas, incluídos os bebés, pagarán entrada)

0~3

anos

45

minutos

5€

COLIÑO tamén é ese agarimo, ese niño de algodóns, ese saco de durmir, esa cova ou agocho que nos protexe...

A COLIÑO van a parar todo tipo de seres vivos, seres que precisan doutros seres para sentirse vivos e protexidos, felices e contentos.

COLIÑO mestura todas as enerxías positivas para a mellora do bebé, da crianza e da persoa.

COLIÑO somos moitas e moitos.

NOVEMBRO

Venres 10

20:00 h.

BAILADOR

Óscar Cobos Compañía de Danza



Danza galega contemporánea

Dirección: Óscar Cobos

Dirección artística: Jaime Pablo Díaz

Axudante de dirección: Iván Villar

Coreografía:

Óscar Cobos, Jaime Pablo Díaz e Iván Villar

Composición musical: Berrogüetto

Bailadoras: Ruth Perez, Nerea Fouz, Rebeca Tallón, Cristina Canosa, Marta Mosquera, Nuria Gesteira, Uxía Portela, Eva Diago y Lorena Toimil

Vestuario e escenografía: Carolina Díguele

Diseño de iluminación: Daniel Pais

Son: Francisco Alvarellos

Fotografía: MateStudio e Manuel Blanco

BAILADOR é unha peza de danza galega contemporánea baseada nas músicas de Berrogüetto que reivindica o papel fundamental da muller galega como preservadora e transmisora da nosa sabedoría popular; se o noso baile chegou ata os nosos días foi grazas a elas. É un espectáculo de mulleres feito por mulleres no que a danza de raíz galega mestúrase coa linguaxe contemporánea creando un novo estilo atemporal.



público adulto



minutos



BAILADOR é unha mostra de respecto, cariño e admiración a todas esas mulleres que, de xeración en xeración, foron quen de perpetuar no tempo as formas danzadas que configuran o noso baile.

NOVEMBRO

Sábado 11

20:00 h.

DEADPAN KARAOKE

Ibuprofeno Teatro



Teatro comedia

Dirección: Patricia Rodríguez

Interpretación: Marián Bañobre

Creación e dramaturxia: Patricia Rodríguez
e Marián Bañobre

Axudantía de dirección e coreografías:

Carmela Bueno

Deseño de son e composición musical:

Mónica de Nut

Deseño de iluminación e escenografía:

Violeta Martínez

Deseño e realización de audiovisuais:

Marta Valverde, Gustaf Nilsson e Javier Lueje

Deseño de vestiario: Marián Bañobre

Realización de vestiario:

Bety Busto e Marián Bañobre

Caracterización: Baia Fernández

Asesora de canto: María Costas

Asesora de dramaturxia: Laura Porto

Asesora de xénero: Ana Cardoso



galego



público adulto



minutos



Deadpan, que en inglés significa “cara morta, baleira de expresión, imperturbable”. Karaoke, do xaponés Kara (baleiro) e oke (orquestra).

Deadpan Karaoke é un espectáculo unipersonal de carácter participativo que propón como ingredientes principais o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, e que trata de dar resposta á pregunta: É posible o amor nesta sociedade tardocapitalista na que vivimos? Deadpan é unha personaxe incapaz de sentir e expresar emoción. A través das súas accións e grazas á contextualización das mesmas dentro dun karaoke, consegue facer accesibles e divertidas para o gran público cuestións e dilemas que ocupan aos grandes pensadores contemporáneos.

NOVEMBRO

Domingo 12

18:00 h.

A IGUALDADE NON TEN TRUCO

Magia en la Manga



Maxia

Intérpretes: Sara Rodríguez e Carlos Tomico

Por que hai máis magos que magas? É certo que estamos afeitos a ver magos, pero tamén teñen existido e existen hoxe moitas mulleres magas. Da man de Sara Rodríguez e Carlos Tomico, chega “A igualdade non ten truco”, un espectáculo divertido e máxico para todos os públicos que transmite ademais unha mensaxe esencial para a sociedade actual: promover a igualdade de xénero a través da arte do ilusionismo e das vivencias das mulleres ilusionistas. Unha maga e un mago forman este dúo para realizar misterios e imposibles que ademais nos levarán por diferentes ideas e conceptos do feminismo e da igualdade de xénero. Viaxes e transformacións inexplicables, un conto de fadas reinventado, ou unha volta atrás no tempo á época das primeiras e máis importantes magas; son algúns exemplos do que poderedes ver neste espectáculo cheo de sorpresas ata o final onde nada é o que parece. Unha aventura máxica na que descubriremos que, efectivamente, a igualdade de xénero non ten truco ningún.



galego



anos



minutos



NOVEMBRO

Sábado 18

20:00 h.

SEIS, LORCA EN GALICIA

Rafa Fernández



Espectáculo multidisciplinar con poesía, música e visuais

Guitarra eléctrica e composición: Rafa Fernández

Voz: Lara Dopazo

Videocreación: Adriana Páramo

Teclados: Álex Salgueiro

Seis foron os poemas que Federico García Lorca fixo en Galego, e “SEIS” é o nome deste proxecto que pretende homenaxear este fito da literatura en Galicia; que o mellor poeta contemporáneo e un dos mais grande poetas da lingua castelá de todos os tempos, escollese o idioma galego para facer a única incursión poética nunha lingua allea, nun tempo no que o galego provocaba indiferenza no mellor dos casos.

“SEIS” é un proxecto audiovisual onde ,música en directo composta para a ocasión de carácter ambiental con guitarra eléctrica e videocreación en vivo, crearán una atmosfera onírica e suxerente mentres a obra de Lorca é recitada. De este xeito música e imaxe acompañarán a palabra do poeta, ofrecendo ó espectador un achegamento diferente a esta xoia da literatura.



galego



público adulto



minutos



10€

NOVEMBRO

Domingo 19

18:00 h.

LA FÁBULA DE LA ARDILLA

Compañía de Comediantes
La Baldufa



Espectáculo de teatro
e multidisciplinar

Autoría: Jokín Oregi & La Baldufa: Enric Blasi,
Emiliano Pardo, Carles Pijuan

Dirección: Jokín Oregi

Música: Òscar Roig

Diseño de luces: Miki Arbizu

Diseño escenográfico: Carles Pijuan

Diseño e confección de vestuario: Rosa Solé

Construcción de escenografía: Juan Manuel
Recio, Ferran López, Xevi Planas, Olga Cuito,
Carles Pijuan

Actores:

· Ourizo: Carles Pijuan o Ferran López

· Esquía: Emiliano Pardo o Enric Blasi

Músico: Pau Elias

Técnico: Anjos Fernández

Producción: Enric Blasi, Emiliano Pardo, Amàlia
Atmetlló, Maria Capell

Distribución Galicia: Kandengue Arts

Coproducción: Festi'Mômes Questembert
Communauté LEADER France



+6

anos

50

minutos

5€

Co apoio de: Generalitat de Catalunya - Departament de Cultura ICEC
Gobierno de España – Ministerio de Cultura y Deporte – INAEM
Institut Ramon Llull
Fira Mediterrània de Manresa

O gran ourizo vive placidamente á sombra dun gran carballo e coida dos seus, mentres goza do seu anaquiño de mundo. Pero un día esta paz verase perturbada pola chegada dun esquío amable, traveso e xoguetón. A súa convivencia non será fácil. Descubriremos un ourizo arisco e protector e un esquío con ganas de saber e compartir. Unha das características das fábulas é que sempre acaban cunha conclusión moral. Polo tanto, de que nos fala La fábula de la ardilla? Con este espectáculo, La Baldufa proponnos pensar, reflexionar e afondar na diferenza e a mestizaxe. O ourizo e o esquío son moi diferentes, pero teñen infinidade de oportunidades para aprender e compartir xuntos.

NOVEMBRO

Venres 24

20:00 h.

SI TÚ TE VAS

Cía. Pepa Plana



Clown

Pallasa Augusta: Pepa Plana

Pallasa Blanca: Nan Valentí

Pallasa Contra Augusta: Lola González

Dirección: Pepa Plana y Nan Valentí

Escenografía: Xavier Erra

Vestuario: Nidia Tusal

Iluminación: Yuri Plana

Música: Lluís Cartes

Fotografía: Cathy Loughran

Producción: Cía. Pepa Plana.

Autoría: Pepa Plana y Nan Valentí

Agradecementos: La Central del Circ, Mag Lari, Josep Castells, Jordi Puig, Carlo Mò.

Unha xanela, unha luz. Outra xanela, un cotián. Outra xanela, un edificio onde tres mulleres nos falan dun non poder parar. Todo se afunde, rompe, a maldita guerra eterna! Tres pallasas atópanse neste camiño do éxodo antigo para recrear o mundo e devolvelnos o pracer de rirnos das cousas máis perquenas, pero poñendo o dedo na chaga cando as cousas nos molestan. Viven nas historias que nos explicaron nos



castelán



público adulto



minutos



contos e utilizan números de pallasas antigos para reafirmar a vontade feminina de ser cómicas. Tres heroínas esquecidas que nos explican a súa historia coa vontade de rir e facer rir, para vivir na nosa memoria.

NOVEMBRO

Sábado 25

20:00 h.

BLUES DE MEDIANOITE -VERSIÓN ESTENDIDA

Laboratorio escénico



Multidisciplinar
(danza, música e teatro)

En escena:

Alba Fernández (danza e teatro)

Marian Ledesma (voz e teclado)

Julio Cuns (guitarra)

Juan Tinaquero (contrabaixo e baixo eléctrico)

Bruno Couceiro (batería)

Afonso Castro (luz e guitarra)

Creación, dirección e interpretación:

Alba Fernández

Arreglos musicais: Iván Doval

Asesoramento artístico:

Alfredo Pérez e Carmen Coto

Deseño de iluminación: Afonso Castro

Creación musical do tema "O Tren": Jas Processor

Vestuario e escenografía: Laboratorio Escénico

Apoio na xestión: Galicia Danza Contemporánea

Deseño gráfico: Manchea S. Coop. Galega

Fotografía e vídeo: Raquel Castro

Producción e distribución: Alba Fernández e

Laboratorio Escénico S. Coop. Galega

Apoio á financiación: Axudas á Creación Artística para artistas individuais do Concello de A Coruña



galego



público adulto



minutos



Cando cae a noite e entra a melodía, acéndense as luces para min.

Blues de Medianoite – Versión Estendida, entra, a ritmo de blues, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento e na música, nunha viaxe no tren clandestino que conduce á liberdade. Pon en valor ás grandes damas do blues e a riqueza rítmica que ven directamente de África, sempre dende un filtro persoal. Isto é, o NOSO Blues.

É un espectáculo multidisciplinar (danza, música e teatro) que transita entre o formato escénico e formato concerto. É un espectáculo feminista, que parte do histórico para chegar á intimidade de cada persoa, recreando a poética do imaxinario propio deste xénero musical, grazas á luz, que nos traslada ó clube, ó tren, ó cruce de camiños...

NOVEMBRO

Domingo 26

18:00 h.

AÑOS LUZ

Luz, micro y punto



Teatro de sombras

Autoras: Patricia Toral y Chantal Franco

Directoras: Chantal Franco y Patricia Toral

Intérpretes: Patricia Toral, Chantal Franco y Verónica R. Galán

Música creada e interpretada: Verónica R. Galán

Escenografía: Patricia Toral y Chantal Franco

Vestuario: Laique e Luz, micro e punto

Iluminación: Luz, micro y punto

Distribución: Luz, micro y punto

Lady Di Fusa leva toda a noite traballando e non consegue compoñer unha peza musical. Esgotada, queda durmida sobre os instrumentos e ao espertar algo cambiou; as súas mans xa poden interpretar esas melodías que imaxina. Desas notas irán xurdindo imaxes que con luces, sombras e cores, narrarán unha historia fantástica de dúas marionetas que espertan nun armario e pouco a pouco adquiren vida. As dúas personaxes, desde ese momento, van contarnos a relación entre unha boneca de madeira e un ovo azul, a partir dos seus primeiros sentimentos de amor, envexa, soidade e alegría.



+5

anos

47

minutos

5€

“Años Luz” fala da amizade e a forza desa unión, de historias apaixonantes desas personaxes que permanecerán unidas superando calquera obstáculo. Un teatro de sombras contemporáneo onde se verá a montaxe de cada escena acompañada de música en directo.

DECEMBRO

Domingo 3

18:00 h.

CaLORCALor

Guayomín Producciones



Teatro contemporáneo
multidisciplinar

Autoría: Patricia Rodríguez, Manu Lobo e Arantxa F. Ramos

Dirección: Patricia Rodríguez

Diseño de sonido: Álvaro Bárcena e Sam Rodríguez

Iluminación: Alberto Ortiz

Vestuario: Azucena Rico

Escenografía: Tamara Norniella

Intérpretes: Manu Lobo e Arantxa F. Ramos

Voces nen@s: Samuel Nilson-Izan Ortega-Claudia Ortega-Iria Fernández Lobo-Rui Pérez Santos

Producción: Guayomín Producciones

FETEN 2023 -SELECCIÓN MOSTRA AAEE DO PRINCIPADO 2023- CATÁLOGO PLATEA 2023-24 -XIRA CIRCUÍTO ASSITEJ 2023 ESPECTÁCULO RECOMENDADO CAMIÑO ESCENA NORTE 2022- PREMIO OH 2023 MELLOR ESPECTÁCULO PARA A INFANCIA

Dous actores, Arantxa e Lobo, reúnen-se nun palleiro para levar a cabo un soño: crear una obra de teatro que faga xustiza poética ao autor de Fuente Vaqueros. Este labor sería fácil



castelán



anos



minutos



se non fose porque a beleza dos seus versos é tal que parece que ningunha representación da súa obra podería estar á altura. Á fin e ao cabo... ¿Como se leva ao teatro o olor do mar ou como se inunda de estrelas o patio de butacas? A través desta comedia interactiva, xuntos descubrirán a radiante personalidade de Lorca, as súas pezas máis lúdicas, levarán ao público de festa e ata pode que, se o fan realmente ben, o mesmo autor apareza para darlles unha sorpresa.

DECEMBRO

Sábado 9

20:00 h.

O AUTO DO CASTROMIL

Produccións Teatrais Excéntricas
en coprodución co CDG



Teatro comedia

Elenco: Rocío González / Víctor Mosqueira /

Marcos Orsi / Patricia Vázquez

Escenografía e indumentaria: Carlos Alonso

Iluminación: Octavio Mas

Espazo sonoro: Piti Sanz

Atrezzo: Kukas Producións Artísticas

Noticiero cinematográfico: Marcos PTT Carballido

Deseño gráfico: Javier de la Rosa – Milicia Gráfica

Fotografía: Sabela Eiriz

Produción: Rubén G. Pedrero

Axudante de dirección: Mon Serodio

Dirección e dramaturxía: Quico Cadaval

Con esta proposta Excéntricas gaña o III Concurso de proxectos que convoca a Fundación Manuel María e que recibe o apoio de máis de corenta concellos e institucións de Galiza. O espectáculo está protagonizado por un luxoso elenco: Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Patricia Vázquez, que xa teñen conformado compañía en anteriores proxectos de Excéntricas.

A obra acontece nunha viaxe onírica a bordo dun



galego



público adulto



minutos



coche de liña. Os viaxeiros dormen e tal vez o condutor. As maletas e demais bagaxes amóntanse, cobran vida e repasan unha curiosa historia de Galiza, combaten a nosa amnesia conxénita usando autos populares e farsas do autor chairego. Nelas aparece a historia alucinada dun pobo que loita, é derrotado, volve levantar a cabeza e rebelarse de novo. Unha rebelión na que, ás veces, non temos máis armas que o humor e o espírito entroideiro.

O auto do Castromil é unha viaxe en transporte público pola Galiza inconsciente. Está feita con anacos das obras de Manuel María “A rebelión dos baúis” “O Auto dos simulados da Caravilla”, “Unha vez foi o trebón”, “Abril de Lume e Ferro” e o “Entremés da OTAN”

DECEMBRO

Venres 15

20:00 h.

CANTIGAÉVERSO

Castro e Welicki



Espectáculo musical e poético

Cantigaéverso é un espectáculo poético e musical a cargo do escritor, editor e músico Francisco Castro e do músico e produtor musical, Federico Welicki, e no que se repasan e revisitan os clásicos da poesía galega musicada.

Trátase dun espectáculo no que os dous músicos en escena, reforzados por un percusionista, fan unha viaxe completa pola historia das composicións poéticas que versionaron os nosos grandes músicos. Durante a actuación, mestúrase a explicación e a música poetizada, aínda que esta é a que domina.

No concerto-recital Castro&Welicki interpretarán arredor de 15 poemas musicados que supoñen unha viaxe poética e musical que arranca dos anos 60 do século XX. Os temas escollidos supoñen unha viaxe completa pola poesía clásica galega e a música máis popular do noso país.



galego



público adulto



minutos



DECEMBRO

Sábado 16

20:00 h.



REDADA FAMILIAR

Vaivén Producciones



Teatro comedia

Texto: Antonio Muñoz de Mesa

Dirección: Olga Margallo

Axe. de dirección: Dorleta Urretabizkaia

Música: Iñaki Salvador

Espazo escénico: José Tomé

Escenografía e atrezzo: Mónica Teijeiro

Deseño de iluminación: Xabier Lozano

Vestuario: Ana Turrillas

Elenco: Ana Pimenta/Ainhoa Aierbe, Mikel Laskurain, Nerea Gorriti y Xanti Korkostegi.

Coa colaboración especial de:

Aitziber Garmendia.

Ander, Comisario da Unidade de Delitos Informáticos, irrompe no fogar dos Villaorduña e detén aos catro membros dunha mesma familia. Acúsaos de manter unha rede de pornografía aloxada nun servidor compartido. Koldo, Monika, Aitor e Nora son interrogados por separado sobre diferentes arquivos de imaxe que un algoritmo identificou como contido delituoso relacionado coa pornografía. Nun principio todos parecen culpables dos delitos que se lles imputan, pero o espectador



castelán



público adulto



minutos



irá descubrindo aos poucos que os arquivos sobre os que se basean as acusacións non son o que parecen.

Ao mesmo tempo que o espectador vai descubrindo a inocencia das personaxes, os membros da familia van sospeitando uns doutros, mesmo de si mesmos, mentres se someten ao interrogatorio do Comisario. A medida que se van examinando as probas, Koldo, Aitor, Nora e Monika terminan por descubrir que, malia estaren sempre conectados á rede, están profundamente desconectados entre eles.

Os segredos que a familia almacena nas plataformas do ciberespazo revelan a patética alienación que sofren como familia e individuos. Canto máis se conectan, menos se coñecen e máis se traizoan.

O inspector termina por exculpar á familia dos delitos de porno doméstico, pero deixa tras de si unha familia rota onde ninguén é inocente (incluíndo ao propio inspector). Ata que punto te avergoñas da túa propia intimidade cando a moral puritana dos algoritmos te xulga?

DECEMBRO

Domingo 17

18:00 h.



Teatro

Intérpretes: Rosa A. García-Jone Amezaga ou Miren Lizeaga

Técnico en xira: Asier Calahorro-Kandela
Iluminación

Axudante de vídeo: Paula Alemán

Deseño escenografía: Jesús Nieto

Deseño vestuario: Alejandra Calderón

Deseño iluminación: Jesús Nieto

Fotografías: Gerardo Sanz

Música: Pedro Guirao

Dramaturxia e dirección: Jesús Nieto

Asubía o vento e fai moito frío. É unha noite pechada. As noticias falan dunha gran onda de frío, neve e choiva. Non se pode saír da casa. A muller está aburrída e contrariada. Mentres quenta a súa cunca de café queda ensimesmada mirando pola xanela. Absorta empeza a debuxar co dedo índice sobre o bafo da xanela. A xanela cambia de cor. Entre as sombras azuis da noite xorde a silueta dunha nena bailando delicadamente. O vento asubía máis forte e transfórmase nunha doce sinfonía de instrumentos de vento. Un precioso universo de



castelán



anos



minutos



peixes e cangrexos, rodeados dun bosque de anemones e estrañas plantas. O espazo transfórmase nun cosmos mariño. Un mundo vexetal náutico ábrese ante nós como brazos florecentes que bailan á luz da lúa. A través do xogo, o público iniciará unha viaxe que lembra a construción e deconstrución de imaxes nos primeiros anos de vida, recreando un imaxinario máxico e fantástico. Desde as sombras á luz, desde o abstracto ao figurativo, un conxunto de imaxes cambiantes crearán un xogo de imaxes sorprendentes e oníricas. A dramaturxia do espectáculo tamén terá unha lectura para o público adulto. Nela unha muller vivirá unha aventura vital na que recuperará a curiosidade perdida. Así viaxará ao lugar onde volver aprender e emocionarse, un tempo no que aínda xogaba como unha nena e penetrase no territorio da súa infancia e viaxará a través dunha xanela, ata o tempo e o lugar onde vivía unha nena que xogaba e soñaba con descubrir o mundo.

- 1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade** á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2 As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3 As portas de acceso abíranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4 As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5 **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6 Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
- 9 Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

Venda de entradas

Puntos de venda:

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

A través da páxina web de Giglon:

www.giglon.com

Na Librería Libros para soñar

(Rúa Triunfo 1, baixo, Vigo),

HORARIO:

Luns a venres: 10:30 - 13:30 h. | 17:00 - 20:00 h.

Sábados: 10:30 - 13:30 h.

O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo **no despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles)

Descontos para mocidade

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet para os espectáculos de adultos, co código de desconto OTEATROMOLA (non control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)

Abonos:

(Só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio):

ABONO Á CARTA 5: elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10: elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.

- Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes** (de ser o caso).
- No caso de adquirir entradas nesta modalidade **é importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas).
- As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida **sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.**




INFORMACIÓN




Teléfonos desde Vigo: **010**
Desde móbil ou fóra de Vigo: **986 810 260**

Horario:
De luns a venres - de 8:00 a 20:00 h.
Sábados - de 10:00 a 14:00 h.




Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

www.vigo.org



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR